
A Historia da Literatura Galega 02

# As cantigas de amigo



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- Un proxecto editorial de Era Publicacións, S.L.
- Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

**Textos:** Mª Luz Ínsua Ramil, Mª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

**Corrección lingüística:**
Mª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

**Deseño:** M. Malvido
**Maquetación e montaxe:**
Mª Teresa Puga, María G. Grandal
**Produción:** Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez

**Fotografía:** Octo Gráfica

**Colaboración gráfica especial:** M. Moleiro Editor

**Agradecementos:** Real Academia Galega



**Imprime:** Imprenta Mundo
**Depósito Legal:** C 1244-2010
**ISBN:** 978-84-96561-25-0

# As cantigas de amigo

La Voz de Galicia

# ÍNDICE

# Introdución

Unha parte da poesía conservada nos cancioneiros fixo supoñer aos críticos que previamente tivo lugar unha tradición oral, o que nos remonta a épocas pretéritas, anteriores aos primeiros poemas coñecidos do século XII.

Durante aproximadamente douscentos anos –séculos XIII e XIV– desenvolveuse unha intensa actividade literaria.

Os autores –trobadores, xograres ou segreis– son continuadores da tradición lírica occitana e empregaban o galego, que naqueles anos era unha lingua moi prestixiosa, como o demostra o feito de que algúns poetas occitanos compuxeran nesta lingua as súas cantigas, ademais do uso que dela se facía en toda a Península, como vemos pola obra lírica do rei Afonso X o Sabio.

Os tres xéneros líricos máis importantes que se cultivan na lírica galego-portuguesa durante a Idade Media son as cantigas de amigo, ás que dedicaremos este volume, as cantigas de amor e as cantigas de escarnio e maldicer.

# AS CANTIGAS DE AMIGO 1

Son composicións breves que os trobadores poñen en boca dunha moza namorada. Constitúen poemas nos que unha muller expresa os sentimentos amorosos que sente polo seu amado, ao que denomina sempre como o seu amigo.

*Como vivo coitada nai, por meu amigo,*
*ca ménviou mandado que se vai non ferido:*
*¡e polo vivo coitada!*

Nalgúns poemas a moza dialoga co seu amigo, coa súa nai ou con algunha amiga.

*-Par Deus, amiga, provad´un día*
*a voss´amigode vo´ll´assañar*
*e veredes omo coitad´andar.*
*-Ai, amiga, que mal consell´ess´é,*
*ca sei eu aquesto, per boa fe,*
*mui ben, que logu´o morto sería.*

VASCO PERES PARDAL

Nalgúns poemas, os distintos elementos da natureza aparecen actuando como receptor que oe as queixas da muller.

Os temas que máis se repiten son os relacionados coa separación física dos amantes; a actitude conselleira da nai ante o namoramento da súa filla e o amor non correspondido do amigo cara á súa moza amante.

*¡Non chegou, madr´e, ou meu amigo,*
*e oj´est´ou prazo saído!*
*Ai, nai, moiro dámor!*
*Non chegou, madr´, ou meu amado*
*e oj' est' ou prazo passado,*
*Ai nai, moiro d'amor!*



Trobadores, xograres e segreis son continuadores da tradición lírica occitana

*E oj' est' ou prazo saido*
*por que mentio ou desmentido,*
*Ai nai, moiro d'amor!*

*E oj' est' ou prazo passado*
*por que mentio ou perjurado,*
*Ai nai, moiro d'amor!*

*Por que mentio ou desmentido,*
*pesa-o meu pois se per se é falido,*
*Ai nai, moiro d'amor!*

*Por que mentio ou perjurado,*

*pesa-o meu pois mentio a seu grao,*

*Ai nai, moiro d'amor!*

DON DINÍS

Con todo, tamén existen algunhas cantigas nas que o amor da moza é correspondido.

*Eu velida nom dormia*
*lelia doura,*
*e meu amigo venia,*
*edoi lelia doura.*

*Nom dormia e cuidava*
*lelia doura,*
*e meu amigo chegava,*
*edoi lelia doura.*

*E meu amigo venia,*
*lelia doura,*
*e d'amor tam bem dizia*
*edoi lelia doura.*

*E meu amigo chegava,*
*lelia doura,*
*e d'amor tam bem cantava*
*edoi lelia doura.*
*Muito desejei amigo,*
*lelia doura,*
*que vos tevesse comigo,*
*edoi lelia doura.*
*Muito desejei amado,*



Músicos no pórtico do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (Silleda)

*lelia doura,*
*que vos tevesse a meu lado,*
*edoi lelia doura.*

*Leli, leli, par Deus, leli*
*lelia doura,*
*bem sei eu que nom diz leli,*
*edoi lelia doura.*

*Bem sei eu quem nom diz leli,*
*lelia doura,*
*demo x'é quem nom diz lelia,*
*edoi lelia doura.*

PEDRO EANES SOLA




# ORIXE DAS CANTIGAS DE AMIGO 2

> As cantigas de amigo son un xénero lírico propiamente galego.

Tanto José Joaquim Nunes como A. Jeanroy coinciden na opinión sobre a orixe destas cantigas, que pensan que pode estar nas cancións populares que cantaban as mulleres, nas festas, traballos, etc.



## A Chanson de Femme en Francia



Vidreira da catedral francesa de Chartres

➜ As *chansons de femme,* propias do Medievo francés, teñen características similares ás cantigas de amigo que se enmarcan na lírica galego-portuguesa. Deste xeito, tamén se trata de coplas postas nos beizos dunha muller, xeralmente dunha moza que relata as súas inquedanzas de amor. Poden estruturarse ben en monólogos ou ben en diálogos e a súa temática abrangue desde infidelidades a amores furtivos, pasando por obstáculos para lograr ao ser amado, traxedias, etc.

Dentro das *chansons* atópanse varios xéneros, como son a *chanson d'ami*, onde unha moza expresa alegría por ter un amigo que a ama e conta os problemas que lle

xorden para obter a aprobación dos pais. Nestas cantigas de amigo, tamén hai variantes que falan da ausencia do ser amado ou de infidelidades. Outro xénero é *L'aube*, cuxo canto ten lugar despois dun encontro furtivo entre dous amantes que deben separarse coa chegada do amencer.

Por outra banda, está a *Chanson de Malmariée*, na que unha muller conta alegremente a súa propia infidelidade. E por último, nas *chansons de femme*, destaca a *Chanson de Toile*, xa que son pezas particulares, tanto pola métrica como pola temática. Xeralmente son estrofas cortas e sinxelas con rima asonante. Ademais, teñen a peculiaridade de que eran cantadas polas mulleres mentres realizaban traballos, fundamentalmente, segundo se cre, cando estaban fiando. No que se refire ao contido das *Chansons de Toile*, seguen unha historia narrativa máis ben tráxica, pero que nunca perde de vista o amor.*

As cantigas de amigo dos nosos cancioneiros serían a forma culta destas cancións populares. As cantigas teñen relación directa coas cancións femininas existentes noutras partes de Europa: a *chanson de femme* en Francia e a *frauenlied*, en Alemaña.


A poesía trobadoresca xermana é coñecida como *Minnesang*. Castelo de Heidelberg (Alemaña)



## A FRAUENLIED, EN ALEMAÑA

Aínda que a Alemania chega máis tarde que a Francia, onde na Provenza xa existe este xénero medio século antes, o amor tamén é o tema central da poesía trobadoresca xermana desde principios do século XII ata ben entrado o XIII. Esta lírica, coñecida como *Minnesang*, é un canto de amor dirixido a unha dama da nobreza que normalmente é inalcanzable.

Dentro desta tipoloxía, atópanse as *frauenlied* ou cancións de muller, que son de similares características ás cantigas de amigo galego-portuguesas; o *Minnelied*, que trata sobre a expresión de amor dun home; o *Wechsel*, un diálogo entre amantes; o *Tagenlied*, que coincide co xénero provenzal da despedida da parella á chegada do alba; o *Tanzlied* ou canción bailada, e o *Kreuzlied*, dedicada ás cruzadas.




*Poesía de trovadores, trouvères y minnesinger* é unha antoloxía de Carlos Alvar publicada por Alianza Literaria

A similitude evidénciase tanto na forma (utilización de ritmos paralelísticos) como no contido (o amor posto en boca dunha muller).

Pero as semellanzas son maiores se comparamos as cantigas coas *jarchas* mozárabes, composicións líricas que foron escritas entre mediados do século XI e finais do XII. As jarchas son pequenos poemas árabes ou hebreos que se atopan ao final doutros máis extensos chamados *moaxajas*. Tanto nas cantigas como nas *jarchas* o tema é o queixume feminino polos temores que unha muller ten con relación ao seu amigo.

## Jarchas mozárabes

➜ En 1948, o hebraísta Samuel Miklos Stern, en colaboración co español Emilio García Gómez, descubriu e traduciu as *jarchas* mozárabes por primeira vez. Trátase de composicións líricas populares, de temática amatoria, integradas noutras máis extensas, as *moaxajas*, que se consideran froito da convivencia das culturas árabe, hebrea e cristiá.

A importancia das *jarchas* radica no feito de que o seu descubrimento mudou a teoría, universalmente aceptada, de que as orixes da literatura española estaban ligadas ás composicións épicas, xa que as *jarchas* son anteriores.

Escritas en versos curtos, e con rima usualmente consonante, a voz do autor adoita ser a dunha muller ou rapaza que fala á súa nai ou ás súas irmás das súas experiencias amorosas, aínda que a

meirande parte destes textos foron escritos por homes. As *jarchas* presentan moitas similitudes coas cantigas de amigo galego-portuguesas, tamén postas en voz dunha muller.

*Jarcha* en mozárabe

*Garīdboš, ay yermanēllaš*
*kómkontenēr-hémewmāęlē,*
*sīnal-habībnon bibrēęyo:*
*¿ad obl' iréydemandāęre?*

*bay-šemioqorasonde mib*
*Yārabbīšišetornarad*
*tanmal miodoler al-habīb*
*Enfermo Yedquanšanarad*

*¿Qué farémamma?*
*Mioal-habibeštad yana.*

## Tradución ao galego

*Decídeme, ai irmanciñas,*
*¿como conter o meu mal?*
*Sen o amado non vivirei:*
*¿onde irei buscalo?*

*O meu corazón vaise de min,*
*Oh Deus, ¿acaso se me tornará?*
*¡É tan forte a miña dor polo amado!*
*Enfermo está, ¿cando sandará?*

*¿Que farei, nai?*
*O meu amado está á porta* ✱



Detalle na Alhambra de Granada

Resumindo, a cantiga de amigo, xénero propiamente galego, é unha síntese dun lirismo popular mesturado coas modas poéticas trobadorescas que chegaban do sur de Francia e actualizada con novos ritmos.



A cantiga de amigo mestura o lirismo popular e as novas modas trobadorescas que chegaban de Francia

# Os recursos formais na cantiga de amigo 3

Entre os recursos estilísticos que aparecen neste tipo de composicións, os máis característicos son:

## 3.1. O paralelismo

A técnica poética máis utilizada nas cantigas, en canto á forma, é o uso do paralelismo. Consiste na práctica repetición de parellas de versos nos que se alteran as palabras finais por outras sinónimas ou se altera a orde dalgunhas palabras. Este procedemento repetitivo fai que a unidade rítmica da cantiga non se basee na estrofa, senón en cada par de estrofas.

*Mandade'ei comigo*
*ca ven meu amigo:*
*E irei, madr', a Vigo!*

*Comigu'ei mandado*
*ca ven meu amado:*
*E irei, madr' a Vigo!*

*Ca ven meu amigo*
*e ven san'e vivo:*
*E irei, madr' a Vigo!*

*Ca ven meu amado*
*e ven viv'e san:*
*E irei, madr', a Vigo!*

MARTÍN CODAX

A repetición do último verso de cada estrofa é coñecido como cobra



### 3.2. O leixaprén

Consiste nun paralelismo levado a unha complexidade técnica maior, xa que o segundo verso da primeira estrofa é repetido como primeiro da terceira estrofa; o segundo da segunda estrofa repítese no primeiro da cuarta e así sucesivamente. Todas as estrofas rematan co mesmo refrán, o que contribúe a dar un carácter repetitivo a estes textos que estaban destinados a ser cantados.

O leixaprén é unha técnica que permite transmitir unha tensión dramática e intensificadora moi suxestiva do estado de ánimo melancólico da moza que evoca ao seu amigo. Ademais, as repeticións constituían unha axuda para memorizar as cantigas.

### 3.3. O refrán

Na terminoloxía medieval chamábase cobra. Consiste na repetición do último verso de cada estrofa.

A rima pode ser asonante (repetición das vogais a partir da última acentuada) ou consonante (repetición de vogais e consonantes a partir da última vocal acentuada). Ademais, aparece outro tipo de rima: a masculina (cando

## Os instrumentos musicais na literatura medieval


→ Para a representación de escenas na literatura e a arte medieval utilizábase unha gran cantidade de instrumentos, como se pode apreciar, por exemplo, na obra de Afonso X o Sabio, as *Cantigas de Santa María*. Entre os máis destacados nesta época medieval están a arpa, o órgano portativo ou de man, que foi moi usado desde o século XII; a cítara, de cordas punteadas; o salteiro, de forma triangular ou trapezoidal recta e que está asociado á Biblia; o monocordio, do que existían tres tipos (tonométrico, o de arco e o de teclado ou manicordio); o laúde, que chega a España de man dos árabes; a guitarra mourisca; a cítoa, derivada do laúde e da cítara; a guitarra latina, da que se pode ver un exemplo na portada de San Lourenzo de Carboeiro; a vihuela punteada; a viola de arco; o rabel, mencionado polo Arcipreste de Hita;. a zanfona, cordófono actuado a través dun dispositivo de teclas; a corneta; a frauta doce; a frauta traveseira; a gaita; a darbuka; o tamborino ou tamborete; os címbalos e o xogo de campás ou carrilón. ✱




Escena do rei David tocando un instrumento medieval de corda

a última palabra do verso é aguda en canto ao acento prosódico) ou feminina (cando é grave). A rima mesturada –masculina e feminina– tamén aparece nas cantigas

As cantigas máis antigas poden presentar irregularidades métricas, polo que se pode pensar que a regularidade na medida dos versos –coñecida tamén como isosilabismo– sexa unha influencia da escola provenzal.



O pelo solto é indicativo dunha moza solteira, mentres que se está cuberto significa que é unha muller prometida ou casada

# Clasificación das cantigas de amigo 4

Podemos clasificar estas composicións líricas atendendo aos seguintes criterios.

## 4.1. Pola súa estrutura e contido

**• Cantigas moi enraízadas na tradición popular**

Constitúen unha proba da existencia dunha lírica pretrobadoresca que non foi recollida por escrito ata que chegou a influencia da poesía provenzal. A súa estrutura estrófica é moi sinxela: dous versos, con paralelismo e refrán e ritmos como o da muiñeira, baseados nas posicións regulares dos acentos.

En canto aos temas tratados, o principal é o do amor que se desenvolve no marco dunha romaría a unha ermida, onde aparece a simbo-



Petróglifo que representa a un cervo en Campo Lameiro. Este animal simboliza a masculinidade na lírica medieval

loxía popular: a fonte, o río, o mar (símbolos de fertilidade); o cervo (que simboliza a sexualidade masculina); o pelo feminino (indicativo de muller nova e solteira, se o leva solto, ou prometida ou casada, se o presenta cuberto), etc.

- **As cantigas máis innovadoras**

Presentan estruturas estróficas máis complexas, aínda que sempre mantendo o paralelismo, característica básica deste tipo de composicións.

O tema amoroso desenvólvese en interiores domésticos e máis refinados.

Neste tipo de composicións, máis que o marco que rodea á acción, importa a tensión psicolóxica que se crea mediante o diálogo que establece a nai coa súa filla, á que intenta disuadir dos amores co seu amigo, e ata, ás veces, impóndolle a prohibición de velo.

*-Nai, chegou meu amig´oj´aquí*
*-Novas son, filla, con que me non praz.*
*–Par Deus, miam nai, gran torto face.*
*-Non face, mia filla, ca perdedes i.*
*-Mais perderei, nai, llo perder.*
*-¡Ben lle sabedes, mia filla, querer!*

Estevan Fernández D´Elvas

**• As cantigas con influencia do amor cortés**

Son as máis escasas, polo que podemos pensar que a lírica trobadoresca francesa influíu nas nosas cantigas galego-portuguesas pero que tamén se intentou, por parte dos compositores do noroeste peninsular, conservar as características propias da poesía pretrobadoresca.

Nestas composicións obsérvase a influencia da cultura trobadoresca francesa no amor cortés que

converte ao amigo nun vasalo do seu señor, é dicir, da súa amiga-amada.

Neste tipo de cantigas aparecen variacións en canto á forma, xa que non sempre presentan estruturas paralelísticas e, ás veces, non levan refrán.

### 4.2. Polo marco ambiental

Tendo en conta os escenarios que aparecen nas cantigas dividiremos estas segundo os lugares nos que se desenvolve a acción do poema en:



O mar é un dos elementos que máis aparecen na literatura medieval. Escena da *Biblia de San Luis*, vol II, f 216 r. © M. Moleiro Editor

• **Mariñas ou barcarolas**

Son as máis singulares de todas as cantigas e constitúen un caso único na lírica medieval europea. Nelas o mar convértese no confidente das preocupacións amorosas da amiga.

*¡As frores do meu amigo*
*briosas van non navío!*
*¡E vanse as frores*
*d´aquí ben cos seus amores!*
*¡Idas son as frores*
*d´aquí ben cos seus amores!*

PAIO GÓMEZ CHARIÑO

• **Albas e alboradas**


Este tipo de cantigas é provenzal e a súa temática consiste en cantar a separación dos amantes ao amencer, alertados pola garda do castelo. Con todo, na lírica galego-portuguesa existen cantigas que presentan o motivo da alborada onde a moza se queixa do longas e amargas que se lle fan as noites nas que o seu amigo está ausente ou en que espera a alba para reunirse con el.

*Aquestas noites tan longas*
*que Deus fez en grave día*
*polo meu, porque as non dormio,*
*e por que as non facía*
*non tempo que meu amigo*
*soía falar comigo?*

*Porque as Deus fez tan grandes*
*non posso eu durmir, coitada!*
*E, de como son sobejas,*
*quiseram´outra vegada*
*non tempo que meu amigo*
*soía falar comigo.*

*Porque as Deus fez tan grandes*
*sen mesura desiguaaes*
*e as eu durmir non posso,*
*porque as non fer ataaes,*
*non tempo que meu amigo*
*soía falar comigo.*

XULIÁN BOLSEIRO




As alboradas cantan á
separación dos
amantes ao amencer

**• Cantigas de romaría**

Tamén son propias da lírica galego-portuguesa, xa que non aparecen similitudes noutras literaturas.

O escenario que serve de encontro aos amantes é o da peregrinación a un santuario ou capela ao que se vai de romaría. A moza lamenta a demora do seu amigo que tarda en chegar á romaría ou que baila coas súas compañeiras.

*Para fazer romaría, pug´eu meu coraçón,*
*a Santiag´, um día, por fazer oraçón*
*e por veer meu amigo logu´i.*
*E se fezer tempo, e mia nai non for,*




*Cantigas d'amigo dos trovadores galego- portugueses* é un amplo estudo autoría de José Joaquim Nunes. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro (1973)



As cantigas de amigo constitúen poemas nos que unha muller expresa os sentimentos que ten polo seu amado

*querrei andar mui leda, e parecer mellor,*
*e por veer meu amigo logu´i.*
*Quer´eu ora mui cedo provar se poderei*
*ir queimar mias candeas, con gran coita que ei,*
*e por veer meu amigo logu´i.*

AIRAS CARPANCHO

• **Bailadas**

En todas as culturas existen cancións femininas onde se fala do amor e das ansias de vivir. Nas cantigas denominadas bailadas adoita aparecer a forma dialogada entre a moza e a súa nai ou entre varias mozas; acompáñanse de danza e música.

*Bailemos nós ja todas tres, ai amigas,*
*xo aquestas avelaneiras frolidas;*
*e quen for velida, como nós, velidas,*
*se amigo amar,*
*xo aquestas avelaneiras frolidas*
*verrá bailar.*

AIRAS NUNES



Danza e música adoitan acompañar estas cantigas

# AUTORES DE CANTIGAS DE AMIGO 5

De todos os documentos atopados sobre as cantigas de amigo vemos que, xa sexa polo gran número de composicións aparecidas, pola súa calidade poética ou por ambas as cousas á vez, os autores de maior calidade literaria circunscríbense a uns poucos; deles, os que cremos máis importantes son os que seguen, e a composición que mostramos é sempre unha das máis populares de cada compositor.

- **Martín Codax**

Foi un xograr ou un segrel galego que viviu na segunda metade do século XIII. A documentación existente sobre el fai pensar que posiblemente fose oriúndo de Vigo, polas continuas referencias que aparecen a esta zona xeográfica nas súas composicións. Deste autor



Crese que Martín Codax era orixinario da zona de Vigo


consérvanse sete cantigas de amigo de tema tradicional; todas elas escritas cun refinamento técnico e retórico que leva a pensar que este poeta fixo estudos en círculos eclesiásticos ou aristocráticos. Das sete cantigas conservadas, seis van acompañadas de anotacións musicais. Aparecen escritas en galego-portugués en tres manuscritos, o primeiro dos cales comeza pola coñecida cantiga *Ondas do mar de Vigo*, que reproducimos a continuación:

*Ondas do mar de Vigo,*
*vestir meu amigo?*
*E ai Deus, se verrá cedo!*

*Ondas do mar levado,*
*vestir meu amado?*
*E ai Deus, se verrá cedo!*

*Vestir meu amigo,*
*ou por que eu sospiro?*
*E ai Deus, se verrá cedo!*

*Vestir meu amado,*
*por que ey gran coydado?*
*E ai Deus, se verrá cedo!*




Edición publicada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza con motivo do día das Letras Galegas dedicado aos poetas medievais da ría de Vigo


## O enigmático apelido de Martín Codax




O *Pergameo Vindel*, depositado na Pierpont Morgan Library de Nova York, recolle cantigas de Martín Codax

➜ Gran parte dos nomes dos autores da lírica galego-portuguesa medieval chegaron aos nosos días sucedidos do lugar de onde procedían (Johan de Cangas, Bernal de Bonaval, Johan Airas de Santiago...); sen embargo, o caso de Martín Codax é diferente. Aínda hoxe o seu apelido resulta un enigma para os expertos.

Nos códices aparece coa forma Codax, pero tamén coa forma Codaz. Segundo explica Celso Ferreira da Cunha, en *O cancioneiro de Martín Codax*, o bibliógrafo Pedro Vindel sinalou que podería ser un sinónimo de códice, polo que a súa sinatura se traduciría como «O libro de Martín». Outros filólogos consideran que é posible que Codax ou Codaz fixese alusión a que o xograr era amanuense, a unha mera descrición física (que tivera os cóbados prominentes) ou a que formaba parte do séquito dun señor, pero o certo é que polo de agora non hai unha explicación que compraza a todos. ✱




*Martín Codax, cantor del mar de Vigo*, obra de José M.ª Álvarez Blázquez. Editado por Publicaciones de la Asociación de la prensa (1962)



As escenas de corte ilustran os manuscritos da Idade Media

• **Mendinho**

Deste autor posúense moi poucos datos; deles dedúcese que foi un xograr galego, posiblemente de Vigo –polas referencias á illa de San Simón que aparecen na única cantiga da súa autoría que se conserva–. Trátase dunha cantiga de amigo paralelística, de altura lírica excepcional e de gran habilidade técnica. É interesante o uso do refrán que coa súa continua repetición confire musicalidade ao poema.

*Sedía-m´eu na ermida de San Simóne*
*cercáronme as ondas que grandes son*
*eu atendendo ou meu amigo,*
*e verrá?*

*Estando na ermida ante ou altar*
*e cercáronme as ondas grandes do mar,*
*eu atendendo ou meu amigo,*
*e verrá?*

*E cercáronme as ondas que grandes son*
*non hei barqueiro nen remador,*
*eu atendendo ou meu amigo,*
*e verrá?*

*E cercáronme as ondas do alto mar,*
*non hei barqueiro nen sei remar:*
*eu atendendo ou meu amigo,*
*e verrá?*

*Non hei barqueiro nen remador,*
*morrerei fremosa non mar maior*
*eu atendendo ou meu amigo*
*e verrá?*

*Non hei barqueiro nen sei remar,*
*morrerei fremosa non alto mar:*
*eu atendendo ou meu amigo*
*e verrá?*

Nas cantigas máis innovadoras o tema de amor dáse en lugares máis refinados



• **Johan de Cangas**

Xograr galego do que se conserva moi pouca información. É moi posible que vivese na segunda metade do século XIII. Dedúcese polo topónimo que acompaña ao seu nome, «Cangas», que foi da zona do Morrazo, da ría de Vigo, xa que en Beluso (concello de Bueu) exis-

te un santuario co nome de San Mamede, que figura nas tres cantigas de amigo que deste autor se conservan. As tres son cantigas de romaría, onde a moza namorada aproveita para ver ao seu amigo coa desculpa de ir á romaría de San Mamede.

*En San Momed', u sabedes*
*que viste-lo meu amigo,*
*oj' ouver' a seer migo;*
*mia madre, fe que devedes,*
*leixedesmio ir veer:*
*O que vistes esse día*
*andar por mi mui coitado,*
*chegoum' ora seu mandado;*
*madre, por Santa Maria,*
*leixedesmio ir veer:*


*Pois el foi d' atal ventura*
*que sofreu tan muito mal por mi,*
*e ren non lhi val, mia madre, e por mesura,*
*leixedesmio ir veer:*


## AS LETRAS GALEGAS DE 1998, DEDICADAS AOS POETAS MEDIEVAIS DA RÍA DE VIGO

No ano 1998 a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o día das Letras Galegas aos poetas medievais da ría de Vigo: Martín Codax, Mendinho e Johan de Cangas pola súa contribución ao patrocinio da literatura medieval galega. Trátase da única ocasión na que a institución fixo un homenaxe conxunto a varios autores. Esta conmemoración vense realizando cada ano a un literato dende 1963, data escollida por coincidir co centenario da publicación da obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*.




Libro homenaxe aos tres poetas medievais da ría de Vigo, editado pola Real Academia Galega con motivo do día das Letras




Durante o século XX foron moitos os autores que realizaron estudos sobre os trobadores e a lírica galego-portuguesa



Só nalgunhas composicións o amor da muller é correspondido

*Eu serei por el coitada,*
*pois el é por mi coitado;*
*se de Deus ajades grado, madre ben*
*aventurada,*
*leixedesmio ir veer.*

**• Pero Meogo**

Acerca deste autor, sábese soamente que foi un xograr galego. Debeu vivir na corte do rei Dinis de Portugal. Consérvanse da súa autoría nove cantigas de amigo, de estrutura paralelís-

## JOHAN AIRAS DE COMPOSTELA



Johan Airas é autor de 50 cantigas de amigo

**JOHAN AIRAS** naceu, segundo se cre, na Compostela de fins do século XII, dentro dunha familia burguesa, e foi un dos poucos poetas galegos que incluíron o seu nome na propia obra, que comprende 50 cantigas de amigo, 25 de amor, 10 de escarnio e algunha tenzón. Por outra banda, foi o primeiro en recibir o apelido da Orde de Santiago (Johan Airas de Santiago).

A continuación, reproducimos unha das súas cantigas de amigo máis coñecidas:

*Fois'o meu amigo a cas d'el rei,*
*e, amigas, con gran d'amor que lh'ei,*
*quand'el veer ja eu morta serei,*
*mais non lhi digan que morri assi,*
*ca, se souber com'eu por el morri,*
*sera mui pouca sa vida des i.*
*Por nulha ren non men posso guardar*
*que non moira ced' e con gran pesar,*
*e, amigas, quand' el aquí chegar,*
*non sábia per vós qual mort' eu prendi,*

*ca, se souber com'eu por el morri,*
*sera mui pouca sa vida des i.*

*Eu morrereu cedo, se Deus quiser,*
*e, amigas, quand' el aquí veer,*
*desmesura fara quen lhi disser*
*qual mort' eu filhei des que o non vi,*
*ca, se souber com'eu por el morri,*
*sera mui pouca sa vida des i.*
*Ja non posso de morte guarecer,*
*mais, quando s' el tornar por me veer,*
*non lhi digan como m' el fez morrer*
*ante tempo, porque se foi d' aquí,*
*ca, se souber com'eu por el morri,*
*sera mui pouca sa vida des i.* ✸

Johan Airas pertenceu á Orde de Santiago



tica, que forman un ciclo caracterizado por estar a medio camiño entre a cantiga de amigo e a narrativa. Nelas apréciase, como simboloxía erótica, a aparición de elementos naturais; as fontes e os cervos son os símbolos máis frecuentes e fan alusión ao lugar do encontro dos namorados (as fontes) e á masculinidade do amigo (o cervo).

Fontes, ríos e fervenzas son elementos característicos nas cantigas




*-Digades, filha, mia filha velida:*
*porque tardastes na fontana fría?*
*Os amores hei.*

*Digades, filha, mia filha louçana:*
*porque tardastes na fría fontana?*
*Os amores hei.*

*-Tardei, mia nai, na fontana fría,*
*cervos do monte a augua volvían.*
*Os amores hei.*

*Tardei, mia nai, na fría fontana,*
*cervos do monte volvían a augua.*
*Os amores hei.*



Fernando Esquío é autor de cinco cantigas de amigo

- **Fernando Esquío**

Foi un poeta galego, probablemente da zona de Ferrol, que viviu a finais do século XIII e principios do XIV. Debeu de pertencer a unha familia nobre, pois algúns dos seus familiares directos desempeñaron cargos públicos ao servizo dos condes de Andrade. Da autoría deste escritor consérvanse soamente dúas cantigas de amor, cinco de amigo e tres de escarnio, escrita seguindo a técnica tradicional, pero cun grande interese por parecer orixinal.

As aves, xunto cos cervos, son dous dos animais máis frecuentes na lírica medieval



Transcribimos unha das súas cantigas:

*Nas ribas do lago, ou eu andar vin*
*ás aves meu amigo.*
*Vaiamos, irmana, vaiamos folgar*
*nas ribas do lago, ou eu andar vin,*
*seu arco na mao as aves ferir,*
*ás aves, meu amigo.*
*Enas ribas do lago, ou eu andar vin,*
*seu arco na mao as aves ferir,*
*ás aves, meu amigo.*
*Enas ribas do lago, ou eu vin andar,*
*seu arco na mao ás aves tirar,*

*ás aves, meu amigo.*
*Seu arco na mao as aves ferir,*
*e as que cantavan leixa-as guarir,*
*ás aves, meu amigo.*
*Seus arco na mao as aves tirar,*
*e as que cantavan non nas quer matar,*
*ás aves, meu amigo.*


Johan Airas ou don Dinís son outros autores de cantigas de amigo, dos que nos chegaron poemas ao día de hoxe.



O xabaril é un dos símbolos dos Andrade, condes cos que tivo relación a familia do poeta Fernando Esquío

## Paio Gómez Chariño

➜ Paio Gómez Chariño de Soutomaior, poeta e nobre galego do século XIII, foi señor de «Rianjo», quinto membro da saga dos Almirantes de Castela e adelantado maior do Reino de Galicia, ademais dunha figura política da Corona de Castela. Crese que naceu en 1225 nunha familia nobre do sudoeste galego e que desde ben novo destacou polas súas dotes militares no mar e participou en primeira liña en combates navais. Foi asasinado por Rui Pérez Tenorio en 1295. O seu sepulcro preside a igrexa de San Francisco de Pontevedra.




Armando Cotarelo Valledor compilou a poesía de Paio Gómez Chariño nun volume editado no ano 1934



A igrexa de San Francisco (Pontevedra) acolle o sepulcro de Paio Gómez

Da súa obra poética, chegaron ata os nosos días 28 composicións (de amor, de amigo e de escarnio). Os expertos consideran que o mellor da súa obra son as cantigas de amigo, onde logrou tres pequenas obras mestras, entre as que destaca *As froles do meu amigo* (ver páxina 35). A súa poesía foi compilada nun volume por Armando Cotarelo Valledor en 1934. ✸

## A IMAXINERÍA POPULAR

A cantiga de amigo conecta coa imaxinería popular. Os poetas utilizaban unha simboloxía que puidese ser interpretada facilmente
pola audiencia. Deste xeito, entre as imaxes que máis se poden atopar nestas cantigas da lírica medieval galego-portuguesa temos:



### Os cabelos

Na Idade Media a forma en que a muller levaba o pelo era indicativo do seu estado civil; os cabelos soltos asócianse sempre cunha muller nova, mentres que as prometidas e casadas levaban o pelo cuberto.

## O cervo

É o símbolo da virilidade e asóciase co namorado, o amigo.



## A auga

Vincúlase coa virxindade e foi sempre un signo universal de fertilidade. Os sitios nos que hai auga (mares, ríos, fontes) constitúense nas cantigas como o lugar de reunión dos namorados, aínda que o mar nalgunhas composicións indica separación dos amantes.

*Ai ondas*
*se me saberedes dizer*
*porque tarda meu amigo sen*
*min?*
*[......]*




XACOBEO 2010
Galicia


XUNTA
DE GALICIA

